



# I CARREIRA POPULAR DA FESTA DO VIÑO DE BARRO

## Homenaxe a Julio César Constenla Fontán

### REGULAMENTO

#### 1. ORGANIZACIÓN

O Concello de Barro, en colaboración co Club Atletismo +9 Moraña, organiza o 11 de xuño de 2023 a *I Carreira popular da Festa do Viño de Barro*, na que poderán participar atletas federad@s e non federad@s e na que se lle rendirá unha homenaxe ao corredor local Julio César Constenla Fontán, pioneiro deste deporte no concello de Barro.

#### 2. CATEGORIAS

##### A) ESCOLARES

- Chupetes: de 0 a 3 anos (poderán correr acompañad@s por unha persoa adulta).
- Pitufos: atletas nados/as nos anos 2018 e 2019
- SUB 8 (M/F): atletas nados/as nos anos 2016 e 2017
- SUB 10 (M/F): atletas nados/as nos anos 2014 e 2015
- SUB 12 (M/F): atletas nados/as nos anos 2012 e 2013
- SUB 14 (M/F): atletas nados/as nos anos 2010 e 2011
- SUB 16 (M/F): atletas nados/as nos anos 2008 e 2009

## B) ABSOLUTA

-SUB 18 (M/F): atletas nados/as nos anos 2006 e 2007

-SUB 23 (M/F): atletas nados/as entre 2001 e 2005.

-SENIOR (M/F): atletas de 23 a 34 anos.

-MÁSTER 1 (M/F): atletas de 35 a 44 anos.

-MÁSTER 2 (M/F): atletas de 45 a 54 anos.

-MÁSTER 3 (M/F): atletas de 55 a 64 anos.

-MÁSTER 4 (M/F): atletas de 65 anos en diante.

### NOTAS:

1. As categorías de chupetes e pitufos non serán competitivas: non terán clasificación nin premios. Terán unha medalla conmemorativa do evento.

2. Todas as categorías, excepto chupetes e pitufos, terán clasificación individual feminina e masculina

## 3. DISTANCIAS E HORARIOS

A saída e chegada das probas estará situada nas inmediacións do Pazo da Crega, no lugar de Santo Antoniño, concello de Barro (<https://goo.gl/maps/rwbFEkPEF6k7gvKc6>).

Horarios estimados das probas e distancias por categorías.

CATEGORÍA	HORA SAÍDA	DISTANCIA
Absoluta	10:30 h	10Km
Sub-14 / Sub-16	12:00 h	3 Km aprox.
Sub-12	12:30 h	1,5 km aprox.
Sub-10	12:45 h	1 km aprox.
Sub-8	13:00 h	500 m aprox.

Pitufos	13:10 h	200 m aprox.
Chupetes	13:20 h	50 m aprox.

#### 4. INSCRICIÓNS E PRAZOS

O prazo de inscrición das persoas participantes abrirase o 1 de maio e pecharase o mércores 7 de xuño ás 23:59 h. Non se aceptarán inscricións fóra do prazo indicado.

As inscricións de todas as categorías formalizaranse na web [www.galitiming.es](http://www.galitiming.es)

#### 5. PREZO DA INSCRICIÓN

As contías das inscricións non serán devoltas salvo causa de forza maior que obrigue á cancelación da proba.

CATEGORÍA	PREZO
CHUPETES	GRATUITO
PITUFOS	GRATUITO
SUB-8	GRATUITO
SUB-10	GRATUITO
SUB-12	GRATUITO
SUB-14	GRATUITO
SUB-16	GRATUITO
SUB-18	8€
SUB-23	8€
SÉNIOR	8€
MÁSTER 1	8€

MÁSTER 2	8€
MÁSTER 3	8€
MÁSTER 4	8€

## 5. DORSAIS E CHIPS

A recollida de dorsais realizarase o día da carreira nunha carpa situada na explanada do Pazo da Crega a partir das 09:30 h e ata media hora antes do inicio de cada proba.

Os dorsais-chips outorgados pola organización son persoais e intransferibles. Para facilitar a xestión das carreiras non se darán dorsais fóra dese prazo. O dorsal deberá ir colocado no parte anterior do corpo, en toda a súa extensión de xeito visible. Todo atleta que entre na meta sen o seu dorsal-chip será descalificado.

Os lectores de dorsais-chips estarán colocados nas liñas de saída e de meta e na metade do recorrido na distancia de 10 km.

## 6. TROFEOS, MEDALLAS E AGASALLOS

- Haberá medallas para todo@s @s participantes nas categorías NON ABSOLUTAS, que se entregarán ao cruzar a liña de meta
- As categorías ABSOLUTAS terán unha camiseta conmemorativa da proba
- Haberá trofeos para @s tres primeir@s clasificad@s de cada categoría establecida no presente regulamento, a excepción das categorías chupetes e pitufos (categorías non competitivas)
- As categorías SUB-8 e SUB-10 non terán diferenciación de xénero
- A entrega de trofeos terá lugar no Pazo da Crega ás 13:45 h

## 7. SERVIZOS PARA @s PARTICIPANTES

- Habilitarase un servizo de duchas desde as 12:00 ata as 14:00 horas no Pavillón Municipal, que se encontra nas inmediacións do entorno (<https://goo.gl/maps/ZAak6wV1482nsEKA6> )
- Agasallo a tod@s @s participantes (medalla ou camiseta, segundo a categoría)
- Avituallamiento intermedio (líquido) e na liña de meta (líquido e sólido).

- Servizo de ambulancia medicalizada
- Seguro de accidente deportivo

## **8. OUTRAS CONSIDERACIÓN REGULAMENTARIAS**

- A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, os horarios ou de modificar o presente regulmento para garantir o correcto funcionamento do evento deportivo.
- A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar.
- A organización resérvase o dereito de descalificar @s participantes que:
  - Non cumbran co regulamento establecido
  - Non cumbran as indicacións da organización
  - Provoquen danos medioambientais (tírar lixo no chan, etc.) ou danos en infraestruturas, mobiliario, balizamento, etc.
  - Compitan fóra do circuito habilitado para as probas
  - Cruce a liña de meta ou os medidores intermedios sen o dorsal-chip
  - Practiquen ou promovan condutas antideportivas